

A ECONOMÍA GALEGA NO ANO 2007

1.1. Crecemento económico: contornos internacional e estatal

No primeiro capítulo analizaremos a andaina económica galega no ano 2007; neste primeiro epígrafe achegarémonos ao crecemento económico nos ámbitos estatal e internacional, para coñecer o marco xeral no que situar o decorrer económico de Galicia.

No ano 2007 a economía mundial volveu a rexistrar, no seu conxunto, un elevado crecemento económico (superior ao 4%), semellante aos do trienio anterior, de xeito que culminou o cuadrienio de maior crecemento económico do último terzo de século.

Isto non debe agochar que no último cuadrimestre se produciu un importante cambio no panorama económico-financeiro, polas turbulencias financeiras que se produciron nos mercados a partir dos importantes problemas no mercado hipotecario de alto risco (hipotecas subprime), que deron lugar a un período de volatilidade financeira e problemas de liquidez que aínda seguen no ano 2008.

Á nidia desaceleración da suba do PIB na parte final do ano hai que sumarlle a importante suba das taxas de inflación, nun contexto mundial de notable crecemento do prezo das materias primas: o petróleo tipo Brent pechou o ano a 90 dólares o barril (un 50% por riba do prezo un ano antes) e as materias primas agrícolas dispararon o seu prezo.

No ano 2007 o crecemento económico dos Estados máis desenvolvidos foi, no seu conxunto, dun 2,7% (tres décimas menos que no ano anterior) mentres que nas economías emerxentes a suba do PIB foi dun 7,9%, suba moi semellante á do ano anterior. China contribuíu nunha cuarta parte ao crecemento económico mundial e a India e os principais países exportadores de petróleo o fixeron noutro 25%.

A economía estadounidense desacelerouse en 2007, ano no que rexistrou unha suba do PIB do 2,2% (fronte ao 2,9% do ano anterior), o que supón o menor crecemento económico do último quinquenio. O elevado déficit público, o importante déficit exterior (que cuadriplica a media da OCDE) e os efectos da crise inmobiliaria e da desfeita do mercado hipotecario de alto risco pesan como grandes lousas sobre esa expansión económica.

A Unión Europea, pola súa banda, mantivo en 2007 o crecemento de PIB do ano anterior (2,9%). As súas maiores economías (Alemaña e Francia) rexistraron subas do PIB do 2,5% e do 1,9% respectivamente. Cómpre subliñar que Alemaña rexistrou en 2007 superávit público por vez primeira dende a reunificación.

A economía chinesa continúa cun vertixinoso ritmo de crecemento, que nos últimos oito anos estivo sempre por riba do 7%. Segue a impresionante suba do investimento en activos fixos e do investimento estranxeiro (de xeito que China é a maior receptora mundial do investimento directo) e xa é o maior consumidor do mundo de cemento, carbón, aceiro, níquel ou aluminio e o segundo importador de petróleo. O “tirón investidor” vinculado ás infraestruturas das Olimpíadas de 2008 introduciu máis madeira na caldeira china.

O PIB xaponés medrou en 2007 un 2,1% (tres décimas menos que no ano anterior) e o de Iberoamérica un 5,6% (unha taxa moi alta por cuarto ano consecutivo); dúas das maiores economías desa área (Brasil e Arxentina) subiron o seu PIB respectivamente nun 5,4% e nun 8,7%.

Os índices de crecemento económico do último sexenio nos nove estados de maior PIB da OCDE (así como as medias da OCDE, da UE e dos estados europeos da OCDE) poden verse no cadro I.1.

Sobresae que España se sitúa á cabeza cunha suba acumulada do PIB do 26,6% nese período, seguida de Australia (24,8%), Canadá (19,9%), Estados Unidos (17,8) e Francia (13,4%). O crecemento económico español do último quinquenio está, xa que logo, moi por riba do rexistrado no conxunto da OCDE (17,7%), nos países europeos da OCDE (17,4%) e na UE (15,9%); o menor crecemento económico no período analizado tiveron Italia (7,9%) e Alemaña (8,7%).

Crecemento económico. OCDE⁽¹⁾. 2002-2007

■ Cadro 1.1

	% s/PIB da OCDE	2002	2003	2004	2005	2006	2007
OCDE	100,0	102,8	104,8	108,2	111,0	114,6	117,7
OCDE Europa	40,9	103,1	104,6	107,4	109,6	113,2	117,4
Unión Europea	35,5	103,2	104,4	106,6	108,3	111,4	115,9
España	2,9	106,4	109,7	113,2	117,2	121,7	126,6
Alemaña	8,4	101,3	101,1	101,9	103,0	106,0	108,7
Francia	5,7	103,0	104,2	106,3	107,6	109,8	113,4
Italia	5,5	102,1	102,3	103,3	103,5	105,5	107,9
Reino Unido	5,2	104,4	107,2	110,7	112,8	116,0	113,2
Outros países							
EEUU	35,1	102,3	104,9	109,0	112,5	116,3	117,8
Canadá	3,2	104,8	106,7	110,2	113,4	116,5	119,9
Xapón	13,6	100,6	102,0	104,8	106,8	109,1	111,6
Australia	1,9	106,2	109,5	113,5	116,7	119,8	124,8

Prezos constantes. Índice Base 2000

Fonte: OCDE, "Main Economic Indicators"

No cadro 1.2 presentamos as taxas de desemprego dos nove Estados de maior PIB da OCDE no último sexenio: a taxa española de 2007 (8,3%) é dúas décimas menor que en 2006, semellante ás de Francia e Alemaña e supera en 2,7 puntos porcentuais á media da OCDE, en 1,2 puntos ás da UE e dos Estados europeos membros da OCDE. Tres dos nove Estados incluídos neste cadro seguen a ter en 2007 unha taxa de paro inferior ao 5% (Estados Unidos, Australia e Xapón).

Taxas de desemprego OCDE. 200-2007

■ Cadro 1.2

	2002	2003	2004	2005	2006	2007
OCDE	6,9	4,1	6,9	6,6	6,0	5,6
OCDE Europa	8,5	8,8	8,9	8,6	7,8	7,1
Unión Europea	7,5	7,9	8,0	7,9	7,4	7,1
España	11,1	11,1	10,6	9,2	8,5	8,3
Alemaña	8,2	9,1	9,5	9,4	8,4	8,4
Francia	8,7	9,4	9,6	9,7	9,4	8,3
Italia	8,6	8,4	8,0	7,7	6,8	6,1
Reino Unido	5,1	4,9	4,7	4,8	5,3	5,3
Outros países						
EEUU	5,8	6,0	5,5	5,1	4,6	4,6
Canadá	7,6	7,6	7,2	6,7	6,3	6,0
Xapón	5,4	5,2	4,7	4,4	4,1	3,8
Australia	6,4	6,1	5,5	5,1	4,9	4,4

Fonte: OCDE, "Main Economic Indicators"


Unha visión comparativa do crecemento económico dende 1996 en Galicia, España e a Unión Europea témola no cadro 1.3, nel compróbase que a suba do PIB foi superior en Galicia que na UE todos os anos pero tan só superou o crecemento económico español nos dous anos Xacobeos (1999, 2004) e máis no último bienio.

■ Cadro 1.3

Crecemento do PIB⁽¹⁾. Galicia, España e UE. 1996-2007

	Galicia	España	UE-25
1996	1,9	2,4	1,8
1997	3,9	3,9	2,7
1998	4,1	4,5	2,9
1999	5,4	4,7	3,0
2000	4,6	5,1	3,9
2001	3,5	3,7	2,0
2002	2,3	2,7	1,2
2003	2,6	3,1	1,3
2004	3,5	3,3	2,4
2005	3,3	3,5	1,7
2006	4,1	3,9	2,9
2007	4,0	3,8	2,9

(1) En porcentaxe en termos reais
Fonte: IGE, INE e Eurostat



1.2. Crecemento económico galego

Neste epígrafe estudaremos, en primeiro lugar, o crecemento económico galego no último bienio (dende as perspectivas da demanda e da oferta) e despois analizaremos a evolución a longo prazo da produción (global e por habitante) nas distintas comunidades autónomas; por último, estudaremos os datos galegos e estatais en relación coa Unión Europea.

1.2.1. Evolución do PIB e dos seus compoñentes

Os datos vistos anteriormente (no cadro 1.3) evidencian que a economía galega tivo un forte crecemento económico no último bienio (lixeramente por riba do 4%), que foi o maior dos anos transcorridos do século XXI e superou ás subas estatal e da UE.

1.2.1.1. A perspectiva da demanda

A análise dende a perspectiva de demanda dos compoñentes do PIB (cadros 1.4 e 1.5) reflicte que se produciu unha desaceleración ao longo do ano en todos os

seus compoñentes, aínda que a suba porcentual non baixou do 3% anual en ningún deles. Resaltaremos, nunha análise máis polo miúdo e centrada especialmente nos resultados interanuais do cuarto trimestre do ano 2007, que:

- A achega da demanda interna ao crecemento do PIB galego en 2007 foi (igual que no quinquenio anterior) especialmente intensa na formación bruta de capital, que pechou o ano cunha taxa de crecemento do 4,5% (sete décimas por riba da suba do PIB) aínda que estivo dous puntos por baixo que no trimestre anterior, 1,8 puntos por baixo do dato dun ano antes e tres décimas por baixo da media estatal.

O gasto en consumo final tivo unha notable desaceleración no segundo semestre e pechou o ano cunha suba do 3,6%. O crecemento do gasto en consumo final dos fogares (3,8%) foi moi superior á suba do gasto en consumo final das Administracións públicas e as Institucións sen fins lucrativos (3%), que tivo unha caída ininterrompida ao longo do ano 2007.

- A desaceleración non se produciu tan só nos compoñentes internos da demanda, senón que tamén foi ben perceptible na demanda externa.

A achega do sector exterior á economía galega non foi tan positiva coma no ano anterior: a suba das exportacións de bens e servizos coa que pechou 2007 (4,1%) quedou 2,7 puntos por baixo que no trimestre anterior, 1,1 puntos por baixo do dato dun ano antes e un punto por baixo da media estatal. Pola súa banda, as importacións medraron máis en 2007 (4,7%) que as exportacións (4,1%), estiveron sete décimas por baixo da media estatal e tiveron unha ininterrompida caída ao longo do ano (partiron dunha suba do 8,9% no primeiro trimestre e remataron nun 4,7%).

Evolución do PIB. Perspectiva da demanda. España 2007

■ Cadro 1.4

	2007			
	I T.	II T.	III T.	IV T.
Produto interior bruto	4,1	4,0	3,8	3,5
Gasto en consumo final dos fogares	3,5	3,4	3,1	2,7
Gasto en consumo final das ISFLSH	5,1	4,3	4,1	4,0
Gasto en consumo final das AAPP	6,1	5,0	5,1	4,4
Formación bruta de capital	6,3	6,7	5,8	4,8
-Bens de equipo	13,1	13,1	11,6	8,6
-Construción	4,9	4,6	3,8	2,9
-Outros produtos	1,9	4,7	4,3	6,1
Variación de existencias(*)	0,1	0,0	0,0	0,1
Demanda nacional(*)	5,1	4,9	4,5	3,9
Exportación de bens e servizos	3,6	4,7	7,7	5,1
Importación de bens e servizos	6,0	6,7	8,4	5,4

Taxas de variación interanuais

*Achega ao crecemento do PIB a prezos de mercado

Fonte: INE. Contabilidade Nacional Trimestral de España

■ Cadro 1.5

PIB de Galicia. Componentes da demanda. 2005-2007

	2005	2006	2007	2006				2007			
				I T.	II T.	III T.	IV T.	I T.	II T.	III T.	IV T.
Produto interior bruto	3,3	4,1	4,0	3,9	4,0	4,0	4,2	4,2	4,2	4,1	3,8
Gasto en consumo final	3,4	3,5	4,0	3,5	3,3	3,6	3,7	4,2	4,4	4,1	3,6
Fogares	3,2	3,4	4,0	3,4	3,2	3,4	3,7	4,0	4,3	4,1	3,8
AA, PP. e ISFLSH	3,8	3,9	4,1	3,9	3,5	4,2	3,8	4,8	4,6	3,9	3,0
Formación bruta de capital	5,2	5,3	5,8	5,7	4,3	5,0	6,3	7,0	5,4	6,5	4,5
Exportacións de bens e servizos	3,3	6,8	6,0	10,5	7,8	3,9	5,2	7,9	5,3	6,8	4,1
Importacións de bens e servizos	4,3	6,3	6,5	7,2	6,4	6,2	5,5	8,9	6,6	5,8	4,7

Fonte: INE. Contabilidade trimestral

1.2.1.2. A perspectiva da oferta

A perspectiva da oferta da evolución por trimestres do PIB de Galicia e España figura no cadro 1.6. A análise das taxas de variación interanual reflicte no cuarto trimestre de 2007 que:

- En Galicia o maior crecemento tiverono en 2007 os sectores de servizos e construción, cunha suba anual do 4,5%. A achega da construción (pese á caída da construción residencial) foi moito maior que na media española no mesmo período (2,8%). A forte suba do sector servizos, que xera xa máis do 60% do valor engadido bruto da economía galega, é crucial á hora de calcular a evolución do noso PIB.
- Os peores resultados en Galicia tívoos a industria (incluído o sector enerxético), cun modesto crecemento (0,9%) mentres que o sector agro-pesqueiro quedou nunha posición intermedia, cunha suba anual do 2,6%.
- Tanto na economía galega como na española todos os compoñentes analizados presentaron signo positivo en cada un dos trimestres (agás o sector enerxético en España no primeiro e no terceiro trimestre).

PIB Galicia e España. Perspectiva da oferta. 2007

■ Cadro 1.6

	Galicia				España			
	I T.	II T.	III T.	IV T.	I T.	II T.	III T.	IV T.
Agricultura e pesca	0,7	2,7	3,0	2,6	6,8	2,8	2,8	2,9
Construción	4,1	4,2	4,6	4,5	4,5	4,2	3,8	2,8
Enerxía	2,2	0,4	2,7	0,9	-3,6	3,4	0,0	4,5
Industria	4,9	3,4	7,0	0,9	5,0	3,6	2,4	1,4
Servizos de mercado	4,2	4,2	4,3	4,3	4,2	3,9	4,0	3,9
Servizos non de mercado	2,2	5,9	3,8	4,6	4,3	5,2	5,3	5,0
PIB	4,2	4,2	4,1	3,8	4,1	4,0	3,8	3,5

Taxas de variación interanual en %

Fonte: IGE e INE

1.2.2. Crecemento económico galego e das distintas comunidades autónomas

Ademais da evolución do PIB en Galicia, España ou a UE aos que fixemos referencia anteriormente, tamén é importante estudar a súa evolución nas diversas

nacionalidades e rexións, para situar a Galicia na posición que lle corresponda dentro do decorrer económico autonómico. Para esta análise a fonte non pode ser o IGE, xa que, obviamente, o organismo estatístico oficial galego ten por finalidade o estudo da nosa realidade, non a doutras comunidades; xa que logo, a fonte que utilizaremos principalmente será a do Instituto estatístico oficial (INE).

O INE fai a súa estimación anual do crecemento económico das comunidades autónomas a través da Contabilidad Regional de España, que está adaptada ao novo sistema metodolóxico instaurado na UE.

Os datos do ano 2007 reflicten que o PIB galego creceu un 4%; a clasificación por comunidades autónomas do cadro 1.7 destaca que:

- Galicia medrou (ao igual que no ano anterior) dúas décimas máis que a media estatal e tan só dúas comunidades autónomas (Aragón e Castela-A Mancha) tiveron un maior crecemento económico en 2007.
- O menor crecemento económico foi o de Asturias (3,6%), seguida de Cataluña, C. Valenciana, Castela-León e a cidade autónoma de Melilla (cun 3,7%), aínda que en todas elas a suba do PIB superou á da UE (2,9%).


**Taxa de crecemento⁽¹⁾ do PIB en 2006 e 2007.
Por comunidades autónomas**

■ Cadro 1.7

	2006	2007
Andalucía	3,9	3,8
Aragón	4,0	4,5
Asturias	3,7	3,6
Baleares	3,5	3,8
Canarias	3,4	3,8
Cantabria	4,1	3,9
Castela A Mancha	3,9	4,2
Castela e León	3,6	3,7
Cataluña	3,8	3,7
C. Valenciana	4,0	3,7
Extremadura	3,5	3,9
Galicia	4,1	4,0
Madrid	3,9	3,9
Murcia	4,1	3,8
Navarra	3,9	3,8
País Vasco	4,1	3,9
A Ríoxa	3,4	4,0
Ceuta	3,3	3,9
Melilla	3,3	3,7
España	3,9	3,8

(1) En termos reais

Fonte: INE. "Contabilidad Regional de España"



O cadro 1.8 mostra o PIB por habitante das distintas comunidades autónomas, así como as medias estatal e da Unión Europea. Resaltaremos que hai catro comunidades (Murcia, Castela- A Mancha, Andalucía, Extremadura) que teñen en 2007 un PIB per cápita inferior ao galego (no ano anterior eran tres, pois non figuraba Murcia). Non debe esquecerse que o menor dinamismo demográfico da sociedade galega (respecto da media española) é un factor que inflúe a prol da suba relativa do noso PIB per cápita.

Produto Interior Bruto per cápita⁽¹⁾. Por CCAA. 2007

■ Cadro 1.8

		Por riba da media nacional	Por baixo da media nacional
País Vasco	30.599	Cantabria	23.377
Madrid	29.965	Castela e León	22.589
Navarra	29.483	Ceuta	21.994
Cataluña	27.445	C. Valenciana	21.239
Aragón	25.361	Asturias	21.200
Baleares	25.238	Melilla	21.089
A Ríoxa	24.717	Canarias	21.004
		Galicia	19.800
		Murcia	19.574
			18.564
		Cast. A Mancha	18.564
		Andalucía	18.298
		Extremadura	16.080
España	23.396		
UE 27	24.700		

(1) En euros por habitante

Fonte: INE, EUROSTAT

Sen dúbidas, o crecemento económico dun ano concreto (como o analizado no cadro 1.7) non é o fundamental para conseguir o achegamento ás sociedades cun

nivel de desenvolvemento maior; o importante é o esforzo continuado nun prazo longo para ir acurtando ese diferenza. Xa que logo, imos tratar agora desta andaina na procura da converxencia de Galicia nos anos transcorridos do século XXI cos niveis medios de desenvolvemento económico do Estado e máis do conxunto da UE.

Para o primeiro utilizaremos os datos comparativos co crecemento medio estatal que figuran no cadro 1.9. Explicitan que, dende a perspectiva do INE:

- O crecemento medio anual do PIB galego foi do 3,16%, un cuarto de punto por baixo da media estatal (3,41%).
- Catro comunidades autónomas (País Vasco, A Rioxa, Asturias e Baleares) tiveron unha suba media anual do PIB inferior á de Galicia.
- As catro comunidades autónomas cunha maior suba anual media do PIB de 2000 a 2007 son precisamente as que vimos por baixo da Galicia ao estudar a clasificación por PIB por habitante (cadro 1.8). As cadro medraron por riba da media estatal no que vai de século, pero o seu maior dinamismo demográfico levou que a evolución do PIB per cápita non medrase na proporción da galega ou da de outras comunidades demograficamente estancadas.

Varias comunidades autónomas que comparten dende hai anos con Galicia as posicións relativas de menor PIB por habitante no ranking estatal (como Andalucía, Castela –A Mancha, Estremadura ou Murcia) tiveron no último septenio un crecemento económico maior que a media estatal (cousa que non ocorreu en Galicia no conxunto dese período, aínda que si no último bienio). Isto pode reflectir, entre outras cousas, un mellor aproveitamento dos importantes fondos recibidos da UE nese tempo para potenciar o seu desenvolvemento económico; en todo caso, o que constata inequivocamente é que no período 2000-2007 esas comunidades avanzaron na xeración de PIB en relación coa media estatal (fose coa mellor utilización dos fondos procedentes da UE, dos estatais ou dos propios de que dispón cada comunidade autónoma).

Produto Interior Bruto per cápita⁽¹⁾. Por CCAA. 2007

■ Cadro 1.9

	Por riba da media nacional		Por baixo da media nacional
Murcia	3,94	C. Valenciana	3,37
Andalucía	3,72	Canarias	3,36
Estremadura	3,57	Melilla	3,28
C.-A Mancha	3,57	Cataluña	3,27
Madrid	3,56	Navarra	3,26
Aragón	3,46	Castela e León	3,20
Ceuta	3,43	Galicia	3,16
Cantabria	3,42	País Vasco	3,13
		A Rioxa	3,05
		Ppdo. Asturias	2,86
		Illas Baleares	2,29
España	3,41		

En termos reais

Fonte: INE, "Contabilidad Regional de España"

Para avaliar a posición comparativa de Galicia coa media da Unión Europea en renda por habitante presentamos os datos do cadro 1.10, que reflicten que, medido en paridade de poder adquisitivo, Galicia está un 17,43% por baixo da media da UE (once puntos máis que o dato estatal). Por baixo están tres comunidades autónomas: Estremadura, Murcia e Andalucía.

■ Cadro 1.10

Índice de converxencia⁽¹⁾ das CC.AA. coa U.E. 2007

Con índice superior ao 100%		Índice do 90% ao 100%		Índice do 80% ao 90%		Índice menor do 80%	
Madrid	120,95	Cantabria	97,25	Melilla	88,31	Estremadura	77,35
País Vasco	118,25	Baleares	97,15	Ceuta	85,27	Murcia	76,86
Navarra	118,18	Castela e León	96,06	Asturias	84,71	Andalucía	74,1
Aragón	104,74	Rioxa (A)	95,49	C. Valenciana	83,42		
Cataluña	101,45	Media estatal	93,60	Galicia	82,57		

(1) Medido pola renda autonómica por habitante en modalidade de poder adquisitivo

Fonte: FUNCAS "Cadernos de información económica", núm 203, marzo e abril 2008

1.3. Crecemento económico e xeración de emprego. Produtividade do traballo

O crecemento económico non é un fin en si mesmo; a súa finalidade é darlle pulo a unha sociedade de maior benestar, e nesa andaina a creación de máis e mellor emprego para a súa poboación é un paso irrenunciable. Achegarémonos primeiro á análise de en que medida o crecemento económico se converteu nos últimos anos en xeración de emprego en Galicia e pasaremos despois ao estudo da produtividade do traballo.

1.3.1. A xeración de emprego en Galicia

Abordaremos este estudo dende a perspectivas das “Contas Económicas”, polo que nos referiremos aos postos de traballo equivalentes a tempo completo; outra perspectiva sería a da EPA, que é a que empregaremos no epígrafe 5 do capítulo 4 para achegarnos á poboación ocupada, tanto globalmente como desagregada por sexos, sectores económicos, grupos de idade, provincias, situación profesional, carácter temporal ou indefinido do contrato, etc; remitimos a ese epígrafe aos interesados/as en afondar nalgún deses aspectos da ocupación en Galicia.

O cadro 1.11 permítenos avaliar a xeración de emprego en Galicia no último bienio e máis nunha perspectiva temporal máis ampla. No tocante á xeración de emprego en 2007 salientaremos que:

- A xeración neta de emprego en Galicia (en postos de traballo equivalentes a tempo completo) foi de 31.564 (frente aos 33.470 do ano anterior), o que supón un crecemento anual dun 2,8% (3,1% en 2006).
- Sectorialmente, os servizos e a construción tiveron un ano máis a maior suba, mentres que o sector agro-pesqueiro presentou a maior diminución (seguido da rama enerxética) e baixou por vez primeira na nosa historia das 100.000 persoas ocupadas.

Estrutura do emprego por ramas de actividade. Galicia 1995 - 2007

■ Cadro 1.11

Rama de actividade	1995	2006*	2007*
Agricultura e pesca	206.842	102.213	99.146
Enerxía	11.894	11.043	10.358
Industria	124.904	164.575	169.229
Construción	96.964	152.577	158.310
Servizos de mercado	312.672	487.292	505.645
Servizos de non mercado	183.921	214.563	221.139
Total	937.197	1.132.263	1.163.827

*Avance

En postos de traballo equivalentes a tempo completo

Fonte: IGE. Contas económicas. Base 2000. Serie 1995-2007

- Os servizos de mercado representan en 2007 a columna vertebral do emprego galego, cun 43,4% da ocupación total (1,3 puntos máis que no ano anterior) e o total do sector servizos supón xa un 62,4% do emprego total de Galicia (1,1 puntos máis que en 2006).

No tocante á xeración de emprego a longo prazo en Galicia, salientaremos que dende 1995:

- A suba do emprego neto foi de 226.630 postos de traballo (equivalentes a tempo completo), o que representa un crecemento acumulado do 24,2%.
- A análise sectorial reflicte que sobresaen a capacidade xeradora de emprego neto dos servizos (especialmente do subsector de servizos de mercado, cunha xeración neta de 192.973 empregos, o que representa un 61,7% de aumento) e da construción (61.346 empregos netos, cun 63,3% de aumento).
- Pola destrución neta de ocupación destaca o sector agro-pesqueiro, cunha perda de 107.696 empregos (un 52% dos postos de traballo que tiña en 1996).

Variación interanual do emprego ⁽¹⁾ nos seis últimos trimestres. Galicia

■ Cadro 1.12

Ramas	2006/III	2006/IV	2007	2007/I	2007/II	2007/III	2007/IV
Total	3,0	3,1	2,8	3,2	3,4	2,3	2,2
Agraria e pesqueira	0,3	1,9	-3	-2,7	0,3	-4,3	-5,1
Enerxéticas	-2,6	-2,9	-6,2	-4,7	-6,3	-7,3	-6,7
Industriais	1,2	1	2,8	1,4	2,8	3,2	3,9
Construción	4,8	4,1	3,8	4,6	4,3	3,5	2,8
Servizos	3,6	3,7	3,6	4,4	3,9	3	2,9
Servizos de mercado	4	3,9	3,8	4,7	3,9	2,8	3,6
Servizos non de mercado	2,7	3,3	3,1	3,7	3,9	3,5	1,3

(1) En postos de traballo equivalentes a tempo completo. Datos en porcentaxe

Fonte: IGE. Contabilidade trimestral

Para facilitar o labor das persoas que desexen afondar neste estudo cunha perspectiva máis desagregada temporalmente, presentamos no cadro 1.12 as taxas de variación interanual do emprego de Galicia nas diversas ramas (e no conxunto da economía galega) nos oito últimos trimestres, así como as medias do ano 2007. Xa como remate deste epígrafe, a xeito de resumo presentamos no cadro 1.13 o balance do mercado do traballo galego do último sexenio (con desagregación por

trimestres para o último bienio), que lles permite ás persoas interesadas realizar unha análise máis a fondo (que nós faremos ao longo do capítulo 4).

■ Cadro 1.13

Balance do mercado de traballo. Galicia. 2002 - 2007

Ano		Poboación					Taxa de actividade	Taxa de ocupación	Taxa de paro
		> 16 anos	Activa	Ocupada	Asalariada	Desempregada			
2002		2337,9	1178,6	1035,3	749,6	143,4	50,4	44,3	12,2
2003		2348,3	1225,2	1069,4	787,8	155,8	52,2	45,5	12,7
2004		2357,4	1254,2	1083,6	800,9	170,6	53,2	46,0	13,6
2005		2365,9	1254,8	1130,1	840,9	124,8	53,0	47,8	9,9
2006		2372,7	1272,1	1164,2	890,7	107,8	53,6	49,1	8,5
2007		2380,9	1292,0	1193,4	922,0	98,7	54,3	50,1	7,6
2006	I	2370,7	1269,3	1142,5	865,2	126,8	53,5	48,2	10,0
	II	2371,9	1261,3	1152,8	886,0	108,5	53,2	48,6	8,6
	III	2373,1	1284,6	1191,1	912,0	93,5	54,1	50,2	7,3
	IV	2375,0	1273,0	1170,5	899,5	102,5	53,6	49,3	8,1
2007	I	2377,4	1278,6	1166,0	898,0	112,6	53,8	49,0	8,8
	II	2379,7	1294,2	1196,2	929,1	98,0	54,4	50,3	7,6
	III	2381,9	1302,6	1215,1	947,7	87,5	54,7	51,0	6,7
	IV	2384,6	1292,6	1196,1	913,3	96,5	54,2	50,2	7,5

En miles de persoas ata a poboación desempregada, e en porcentaxe nas tres últimas columnas

Fonte: Xunta de Galicia. Consellería de Economía e Facenda

I.3.2. Produtividade do traballo

A produtividade é o cociente entre a produción e os recursos utilizados para obtela. Estudaremos aquí a produtividade do traballo, entendida coma o cociente entre a produción e o emprego de recursos humanos que a fixeron posible.

A produtividade é, xa que logo, a produción xerada por unha unidade de factor produtivo; na nosa análise o factor produtivo focalizado vai ser o factor traballo.

Obviamente, a mellora da produtividade do traballo é unha esixencia para a mellora da competitividade empresarial, necesidade cada vez máis evidente nun mercado globalizado; conseguir esa mellora da produtividade implica ir mellorando a formación bruta de capital, o capital humano con que contan as empresas, a organización empresarial, etc.

A produtividade é un factor determinante do desenvolvemento económico dun país; en palabras de Paul Krugman: “A produtividade non o é todo, pero, a longo prazo, é case todo”. De feito, nunha economía crecentemente competitiva a nivel internacional, as melloras da produtividade son un sólido piar no que debe asentarse a competitividade externa.

Noutros apartados deste Informe Sociolaboral incidimos na análise do investimento en I+D+i en Galicia (capítulo 2), no gasto en formación (capítulo 10) e en moitos outros condicionantes da produtividade do traballo na economía galega; velaí un exemplo: a alta porcentaxe da contratación temporal, que vai en contra da ganancia de produtividade que se pode conseguir cando alguén se especializa nun traballo e ademais non motiva dabondo a persoas que están traballando sometidas a unha rotación laboral excesiva.

Sabedores de que a análise dende unha perspectiva integral dos factores condicionantes da produtividade do traballo reborda en moito o obxectivo deste epígrafe, recolleemos aquí os datos de produtividade do traballo en Galicia dende a perspectiva de FUNCAS, que permite facer un seguimento comparativo das distintas comunidades autónomas.

A última columna do cadro 1.14 reflicte que Galicia ocupa a quinta posición entre as comunidades autónomas polo crecemento da produtividade en 2007 (0,29 puntos porcentuais por riba da variación media española).

Dito doutro xeito, cun crecemento da poboación ocupada (2,5%) inferior á media estatal (3,1%) Galicia conseguiu unha suba do PIB (3,88%) maior que a media española (3,58%), o que implica que subiu moito máis na nosa comunidade a produtividade por persoa ocupada.

Entre as comunidades de maior subida da produtividade destacan A Ríoxa, Cataluña e País Vasco, mentres que no caso contrario destacan Castela -A Mancha, Aragón, Canarias e Extremadura.

Cadro 1.14

PIB, poboación, magnitudes laborais e produtividade. Por CC.AA. 2007

COMUNIDADE AUTÓNOMA	% CRECIMENTO ECONÓMICO REAL DO PIBpb		% VARIACIÓN DA POBOACIÓN	% VARIACIÓN DAS MAGNITUDES LABORAIS					% VARIACIÓN DA PRODUCTIVIDADE
	TOTAL	SECTORES NON AGRARIOS		POBOACIÓN DE 16 ANOS E MÁIS	ACTIVOS	OCUPADOS	PARADOS	EMPREGOS	
ANDALUCÍA	3,58	3,83	1,80	2,00	3,60	3,50	4,25	2,80	0,76
ARAGÓN	4,20	4,16	1,60	1,50	5,47	5,80	-0,29	4,30	-0,10
ASTURIAS	3,34	3,45	0,10	0,10	1,37	2,29	-7,59	3,00	0,33
BALEARES	3,01	3,01	3,10	3,00	3,00	2,42	11,08	3,00	0,01
CANARIAS	2,84	2,90	2,40	2,55	2,54	3,98	-8,33	2,90	-0,06
CANTABRIA	3,38	3,47	1,20	1,10	2,81	3,52	-7,43	3,20	0,17
CASTELA A MANCHA	3,41	3,52	2,20	2,40	4,27	5,64	-9,86	5,60	-2,07
CASTELA E LEÓN	3,54	3,55	0,50	0,50	1,59	2,62	-10,08	2,90	0,62
CATALUÑA	3,60	3,72	2,40	2,20	2,63	2,69	1,82	2,40	1,17
COMUNIDAD VALENCIANA	3,58	3,62	2,80	2,80	3,61	3,17	8,39	2,70	0,86
EXTREMADURA	3,76	3,91	0,40	0,70	3,11	3,57	0,32	3,80	-0,04
GALICIA	3,88	4,00	0,30	0,30	1,56	2,50	-8,53	2,90	0,95
MADRID	3,60	3,61	2,40	1,90	2,46	2,54	1,18	2,60	0,97
MURCIA	3,86	4,08	3,07	3,10	5,58	5,89	1,77	3,10	0,74
NAVARRA	3,53	3,66	1,48	1,30	1,60	2,19	-8,81	2,80	0,71
PAÍS VASCO	3,70	3,69	0,58	0,40	-0,34	0,58	-12,47	2,60	1,07
RIOXA (A)	3,61	3,81	2,01	1,90	0,91	1,46	-7,37	2,20	1,38
CEUTA	3,50	3,51	0,36	0,50	-1,69	-0,43	-4,84	2,90	0,58
MELILLA	3,30	3,31	2,05	2,50	6,08	0,00	45,71	2,60	0,68
ESPAÑA	3,58	3,67	1,88	1,81	2,80	3,08	-0,17	2,90	0,66

Fonte: FUNCAS, "Cuadernos de Información Económica", nº 203, marzo e abril 2008

A maior suba da produtividade do traballo en Galicia, que na media estatal parece coherente co menor crecemento relativo que na nosa comunidade presenta nos últimos anos o emprego (moi especialmente o de inmigrantes, que se está a dar especialmente en postos de traballo de baixa produtividade, dunha man de obra pouco cualificada).

Non debemos esquecer que os estudos comparativos a nivel internacional reflicten que se na media española a produtividade por persoa empregada era en 1999 un 92,7% da media da UE-15, diminuíu ata un 89% en 2006 (entre outras cousas polo forte aumento nese período do emprego da poboación inmigrante -que traballa maioritariamente como man de obra non cualificada- e máis pola suba da contratación a tempo parcial). A produtividade por hora traballada na media española en relación coa media da UE acadou o máximo en 1995 (cun 92,4%) caendo gradualmente con posterioridade ata un 88%.

1.4. Comercio exterior

Ao estudar o comercio exterior español é evidente que nos estamos a referir ás transaccións con orixe ou destino alén do seu territorio. Menos claro resulta o concepto de comercio exterior galego, xa que podemos referirnos tamén a todas as transaccións con orixe ou destino en Galicia ou ben tan só a unha parte dese total: ás transaccións con orixe ou destino fóra de España; este último é o enfoque predominante na literatura económica (e será o que usaremos tamén nós aquí, agás no epígrafe 1.4.2) entre outras razóns polas maiores facilidades de información estatística (por contar con datos mensuais aportados polo Departamento de Aduanas).

1.4.1. Comercio galego co estranxeiro

1.4.1.1. Exportacións, importacións e saldo comercial

A análise trimestral dos datos correspondentes a Galicia da balanza comercial española do último bienio podemos facelo ao fío do cadro 1.15; nel podemos apreciar a evolución das exportacións, das importacións, do saldo comercial (valor das exportacións menos o das importacións) e da taxa de cobertura (porcentaxe que representa o valor das exportacións sobre o das importacións). Constatase que:

- O crecemento das importacións foi continuo ao longo do ano 2006, mentres presentou altibaxos en 2007 (diminuíndo nos trimestres segundo e terceiro).
- As exportacións, que subiron con forza no primeiro semestre, presentaron un baixón moi importante no terceiro trimestre de 2007, estabilizándose no cuarto.
- O saldo da balanza comercial tan só foi positivo (superávit) en 2007 no segundo trimestre. O déficit comercial foi especialmente intenso no segundo semestre.
- A taxa de cobertura tivo un bo comportamento no primeiro semestre de 2007; retrocedeu no terceiro trimestre (ata situarse no valor do cuarto trimestre de 2006) e estancouse no último trimestre de 2007.

Na desagregación territorial do comercio galego co estranxeiro, cómpre subliñar que a provincia de Pontevedra segue a ser o auténtico motor de explosión das

exportacións galegas, posto que o valor das súas vendas ao estranxeiro dobra á suma das outras tres provincias, e segue a ser ademais unha das provincias que ten maior superávit comercial en toda España.

■ Cadro 1.15

Comercio exterior de Galicia. Por trimestres. 2006-2007

	2006				2007			
	I T.	II T.	III T.	IV T.	I T.	II T.	III T.	IV T.
Importacións	3.565.965	3.929.234	4.034.038	4.078.046	4.312.577	4.296.264	3.971.172	3.995.548
Exportacións	3.501.191	3.628.697	3.358.467	3.835.208	4.105.075	4.438.119	3.707.079	3.749.314
Saldo comercial	-64.774	-300.537	-675.571	-242.838	-207.502	141.855	-264.090	-246.234
Taxa de cobertura	98,2	92,4	83,3	94,0	95,2	103,3	93,3	93,8

Datos en miles de euros (agás taxa cobertura, en %)
 Fonte: Departamento de aduanas e impostos especiais

1.4.1.2. A taxa de cobertura do comercio galego co estranxeiro

A evolución da taxa de cobertura do ano 2007 vista anteriormente cobra máis sentido se a vemos no contexto dun período temporal máis longo; no cadro 1.16 presentamos os datos do último sexenio (con desagregación trimestral para o último bienio); destacaremos que despois da positiva taxa de cobertura de 2002, veu un trienio de continuado deterioro (2003-2005), mellorando no seguinte bienio (2006-2007). Agás en 2002, a balanza comercial estivo na súa situación tradicional de déficit (e, xa que logo, a taxa de cobertura estivo por baixo do nivel 100), aínda que moi por riba da taxa de cobertura estatal.

Taxa de cobertura. Galicia 2002-2007

■ Cadro 1.16

	Taxa de Cobertura
2002	106,4
2003	97,5
2004	95,6
2005	88,4
2006	93,5
2007	96,5
2007	
I T.	95,2
II T.	103,3
III T.	93,3
IV T.	93,8

Fonte: ICEX. Base de datos ESTACOM

1.4.1.3. Distribución por produtos

Unha das características do comercio exterior galego é o seu carácter intraindustrial: importamos moitas materias primas (e bens de equipamento) para producir e exportar produtos elaborados. A notable importancia do comercio intraindustrial reflíctese cun dato: os cinco primeiros capítulos arancelarios das exportacións galegas están todos entre os sete primeiros das nosas importacións.

Na análise das principais mercancías exportadas por Galicia en 2007 destacaremos, ao fío do cadro 1.17:

■ Cadro 1.17

Principais capítulos de exportación. Galicia. 2007

	Exportacións	Miles de euros	% ⁽¹⁾	TVI % ⁽²⁾
1	Vehículos automóviles, tractores, ciclos e demais vehículos	6.603.980	41,3	34,0
2	Prendas e complementos de vestir, agás os de punto	1.156.598	7,2	0,4
3	Peixes, crustáceos e moluscos	954.761	6,0	5,6
4	Navegación marítima ou fluvial	797.365	5,0	-48,9
5	Prendas e complementos de vestir de punto	733.589	4,6	5,5
	Total	15.999.586	100,0	9,5

(1) Porcentaxe sobre o total de exportacións

(2) Taxa de variación interanual (en porcentaxe)

Fonte: Departamento de Aduanas e Impostos Especiais

- A notable estabilidade: os cinco capítulos do arancel con maior valor das exportacións son os mesmos que no ano anterior; aínda que con cambios na orde (agás no primeiro epígrafe).
- Aínda despois da importante diminución do período 2003-2005, as exportacións galegas do sector automobilístico seguen moi por diante de calquera outro sector. Ao redor das tres cuartas partes destas vendas ao estranxeiro corresponden a automóviles e o resto a compoñentes para automóviles, sector este que gañou posicións nos últimos anos.
- A especialización das nosas vendas ao estranxeiro céntrase moi especialmente en tres apartados: transporte (terrestre e marítimo), téxtil e o relacionado cos recursos naturais (peixes, crustáceos e moluscos).
- As vendas galegas ao estranxeiro presentan un grao de concentración sectorial moi elevado, xa que máis da metade das exportacións (un 54,5%, 1,7 puntos máis que en 2006) aglutínanse nos tres primeiros capítulos arancelarios do cadro 1.17; isto leva un risco: unha maior vulnerabilidade que se as nosas vendas ao estranxeiro estivesen máis diversificadas. En 2007 rachouse coa diminución importante desta porcentaxe no bienio 2005-2006 (era un 59,3% en 2004).
- Polo forte ritmo de crecemento do último ano, destaca especialmente o apartado do automóbil. Tan só un capítulo arancelario dos recollidos no cadro 1.17 presentou unha taxa de variación interanual negativa en 2007: o de navegación. Para avaliar correctamente o capítulo arancelario referente á navegación marítima e fluvial, cómpre non esquecer que aínda que a construción dun buque é unha actividade plurianual, a súa contabilización nun exercicio concreto fai dispararse nese ano o valor das exportacións ou das importacións. Ademais, na metodoloxía utilizada polo Departamento de Aduanas para a elaboración das estatísticas de comercio exterior, o valor dos buques reparados nos estaleiros galegos contabilízase como importación ao entrar e como exportación ao saír da reparación, o que explica en parte a elevada actividade contabilizada algúns anos no comercio exterior galego neste epígrafe arancelario, aínda que en sentido estrito non sería comercio co exterior.
- Na análise das principais mercancías importadas por Galicia en 2007 subliñaremos, ao fío do cadro 1.18;
- A estabilidade: os tres primeiros capítulos do arancel con maior valor son os mesmos (e pola mesma orde) que no ano anterior; intercambiándose a posición os epígrafes cuarto e quinto.

- As importacións galegas do sector automobilístico seguen encabezando esta clasificación; a maior parte destas compras corresponden a compoñentes para automóbiles, e son necesarias para o funcionamento da factoría viguesa de PSA Peugeot Citroën; velaí un bo exemplo de comercio intrafirma.
- Polo forte ritmo de aumento do último ano destacan especialmente os apartados de fundición, ferro e aceiro e máis prendas e complementos de vestir; mentres que, pola contra, diminuíron (aínda que lixeiramente) os epígrafes de combustibles minerais e de peixes, crustáceos e moluscos.
- Nas nosas compras no estranxeiro hai un grao de concentración sectorial elevado, (aínda que menor que nas exportacións) xa que en 2007 case a metade do importe total das nosas importacións (un 46,9%) produciuse nos tres primeiros capítulos arancelarios recollidos no cadro I.18; esa concentración é algo inferior á do pasado ano (47,2%).

■ Cadro 1.18

Principais capítulos de exportación. Galicia. 2007

	Exportacións	Miles de euros	% ⁽¹⁾	TVI % ⁽²⁾
1	Vehículos automóbiles, tractores, ciclos e demais vehículos	3.608.069	21,8	12,4
2	Combustibles minerais, aceites minerais e produtos	2.633.863	15,9	-3,0
3	Peixes, crustáceos e moluscos	1.528.886	9,2	-1,9
4	Fundición, ferro e aceiro	1.163.120	7,0	27,5
5	Navegación marítima ou fluvial	909.817	5,5	21,6
	Total	16.575.560	59,4	6,0

(1) Porcentaxe sobre o total de exportacións

(2) Taxa de variación interanual (en porcentaxe)

Fonte: Departamento de Aduanas e Impostos Especiais

I.4.1.4. Distribución xeográfica

A distribución por Estados das exportacións galegas (cadro I.19) constata:

- Os catro primeiros clientes de Galicia son en 2007 os mesmos (e na mesma orde) que no ano anterior: Francia, Portugal, Italia e EE.UU. mentres que Gran Bretaña pasou do sexto ao quinto posto.
- Francia e Portugal concentraron máis da metade (52,1%) das vendas de Galicia ao estranxeiro (fronte ao 47,8% do ano anterior).
- A notable suba porcentual das nosas exportacións a Francia en 2007 (28,5%) e o pequeno aumento das vendas galegas a Gran Bretaña e Portugal.

Principais destinos das exportacións galegas. 2007

■ Cadro 1.19

	Miles de euros	% ⁽¹⁾	TVI ⁽²⁾
1 Francia e Mónaco	6.014.402	37,6	28,5
2 Portugal	2.321.684	14,5	4,7
3 Italia	871.890	5,4	6,4
4 EE.UU.	701.084	4,4	9,9
5 Reino Unido	559.886	3,5	2,4
Total	15.999.586	100,0	9,5

(1) Porcentaxe sobre o total de exportacións

(2) Taxa de variación interanual (en porcentaxe)

Fonte: Departamento de Aduanas e Impostos Especiais

Dos nosos principais provedores, pola súa banda, subliñaremos ao fío do cadro I.20 que no ano 2007:

- A comparanza cos cinco estados que encabezaban esta clasificación en 2006 explícita que os dous primeiros son os mesmos e pola mesma orde, os dos seguintes cámbianse a posición entre eles e Noruega pasa do octavo ao quinto posto.
- Os catro Estados aos que máis lles mercamos son todos eles membros da Unión Europea.
- Respecto do visto cos estados clientes, é menor a concentración territorial, xa que os dous primeiros clasificados non chegan a concentrar máis da metade do valor total das nosas importacións senón algo menos da terceira parte (un 32,5%); a diversificación do importante volume de importacións dos combustibles minerais é unha das razóns.
- En 2007 o valor das importacións presentou os maiores aumentos porcentuais con Noruega e Alemaña. Non diminuíu con ningún dos cinco Estados analizados.

Principais provedores de Galicia. 2007

■ Cadro 1.20

		Miles de euros	% ⁽¹⁾	TVI ⁽²⁾
1	Francia e Mónaco	3.301.875	19,9	10,7
2	Portugal	2.086.579	12,6	7,4
3	Alemaña	951.103	5,7	33,6
4	Italia	788.154	4,8	12,2
5	Noruega	717.144	4,3	42,5
	Total	16.575.560	47,3	6,0

(1) Porcentaxe sobre o total de importacións

(2) Taxa de variación interanual (en porcentaxe)

Fonte: Departamento de Aduanas e Impostos Especiais

I.4.2. Saldo comercial co estranxeiro e con outras comunidades autónomas

Como sinalabamos ao comezar o estudo do comercio exterior galego, unha das acepcións deste concepto (e a máis axeitada lingüisticamente, aínda que certamente a menos usual na literatura económica) abrangue todas as transaccións con orixe ou destino fóra de Galicia. Inclúe, xa que logo, ademais das transaccións realizadas co estranxeiro, as efectuadas coas outras comunidades autónomas (por certo cuantitativamente moi superiores ás outras: o dobre); para evitar confusións, referirémonos a elas como comercio exterior total. O seu estudo pódese facer a través das táboas input-output ou mesmo indirectamente pola diferenza entre a produción e a demanda interna dunha comunidade.

A diferenza entre estudar as transaccións de Galicia fóra do noso territorio ou facelo das transaccións de Galicia fóra de España implica unha importante modificación do valor dos indicadores cos que adoitan avaliarse as relacións comerciais dun país (saldo comercial, taxa de cobertura, etc); concretamente, no saldo do comercio exterior galego, o lixeiro déficit que Galicia ten nas súas relacións co estranxeiro transfórmase nun fortísimo déficit cando estudamos todo o comercio fóra de Galicia.

No cadro 1.21 podemos comprobar o saldo exterior total (sumado, como xa dixemos, o comercio internacional e o comercio coas outras comunidades autónomas); compróbase nel que:

■ Cadro 1.21

Saldo exterior ⁽¹⁾ das comunidades autónomas. 2007

Comunidade Autónoma	Con saldo exterior positivo (estranxeiro e autonomías)		Comunidade Autónoma	Con saldo exterior deficitario (estranxeiro e autonomías)	
	Saldo positivo	% do PIB p.m.		Saldo negativo	% do PIB p.m.
Madrid	11.710,3	5,70	Andalucía	-30.311,0	-20,10
Cataluña	6.746,9	3,20	Galicia	-14.188,0	-24,70
País Vasco	2.634,9	3,74	Castela e León	-13.940,0	-23,20
Comunidade Valenciana	2.246,0	2,10	Castela A Mancha	-10.465,5	-28,30
Navarra	1.389,0	7,40	Canarias	-6.720,7	-16,20
Baleares	1.064,8	4,10	Extremadura	-6.583,7	-34,60
Rioxa (A)	141,2	1,70	Asturias	-5.271,5	-21,90
			Aragón	-3.234,6	-9,20
			Murcia	-1.840,5	-6,50
			Cantabria	-987,0	-6,90
			Melilla	-813,7	-51,20
			Ceuta	-696,5	-38,10

(1) En millóns de euros e en porcentaxe do PIB

Fonte: FUNCAS. "Cuadernos de Información Económica", núm 203, marzo - abril 2008

- Sete comunidades rexistraron en 2007 un saldo positivo; por orde de maior a menor saldo exterior en termos absolutos foron: Madrid, Cataluña, País Vasco, C.Valenciana, Navarra, Baleares e A Rioxa; son as mesmas que no ano anterior, con tan só un cambio de orde (intercambiaron as súas posicións País Vasco e a C.Valenciana)
- Entre as dez comunidades que presentan un saldo negativo, Galicia é a segunda en valor absoluto (cedéndolle a Castela-León a terceira posición que ocupaba o ano anterior).
- Na clasificación por maior porcentaxe de déficit do saldo exterior total sobre o seu PIB, Galicia segue (cun 24,70%, 0,89 puntos máis que no ano anterior) na terceira posición entre as dez comunidades autónomas deficitarias (non incluímos neste cómputo as cidades autónomas), por detrás tan só de Extremadura e Castela-A Mancha.
- A porcentaxe do saldo deficitario de Galicia en 2007 é moito maior (12,15 puntos porcentuais) que en 2004, o que en termos relativos supón duplicalo (103% de aumento) no último trienio; reflicte, xa que logo, o notable deterioro do noso comercio exterior total dende entón.

A falla de competitividade que reflicte esta evolución esixe un grande esforzo para a mellora da produtividade da economía galega (cun esforzo que enfatice o investimento en educación regrada e máis en formación ocupacional e continua, en investigación, desenvolvemento e innovación, en modernización da estrutura organizativa empresarial e outros aspectos xa tratados no epígrafe 1.3.2. deste Informe Sociolaboral).

Se comparamos os datos deste cadro cos do cadro 1.8 podemos comprobar que hai unha clara relación directa entre o saldo exterior total e a riqueza relativa dun-

ha comunidade (medida co PIB por habitante); na análise dos dous cadros destaca que:

- As comunidades cun maior índice de riqueza relativa (medida polo PIB per cápita) son en 2007, por orde de maior a menor: País Vasco, Madrid, Navarra, Cataluña, Aragón, Baleares e A Ríoxa; seis das sete (todas menos Aragón) figuran entre as sete comunidades que tiveron un saldo exterior total positivo en 2007.
- Por outra parte, as comunidades (e cidades) autónomas de menor índice de riqueza relativa coinciden case totalmente coas de maior porcentaxe de déficit en relación ao seu PIB no comercio exterior total. Estremadura, Andalucía, Galicia, Castela-A Mancha, Asturias, Canarias e Castela-León (ademais das dúas cidades autónomas) exemplifican moi ben este vencello.

Cómpre non esquecer estas “balanzas comerciais” totais autonómicas á hora de negociar o novo marco da financiamento das comunidades autónomas, pois nas “balanzas fiscais” deficitarias (tan sacadas a relucir polos responsables dalgúna comunidade máis desenvolvida que Galicia) se encontra a contrapartida que en concepto de solidariedade adoita existir nos Estados do benestar (e mesmo en áreas supranacionais coma a UE, vía Fondos Estruturais e de Cohesión) para compensar, cando menos parcialmente, ás comunidades menos desenvolvidas que axudan a financiar (pola vía do comercio inter-autonómico) o crecemento económico das máis desenvolvidas.

1.5. Evolución dos prezos e dos salarios

Comezaremos este epígrafe co estudo da variación dos prezos en Galicia, España e a UE, e centrarémonos na segunda parte deste epígrafe na evolución dos custos laborais (salariais e doutro tipo) nas diversas comunidades autónomas.

1.5.1. A inflación

O cadro I.22 explicita que a taxa de inflación rexistrada en 2007 en Galicia (4,1%) foi a maior do último quinquenio, moi superior á do ano anterior (2,6%) e unha décima inferior á estatal de 2007 (o mesmo diferencial que en 2006). As subas dos prezos en Galicia e España no último ano seguen a estar ao redor dun punto por riba da suba media na Unión Europea.

Parécenos importante destacar algo que o propio gobernador do Banco de España puxo de manifesto explicitamente: as marxes empresariais están a achegar en 2007 moito máis á inflación que as rendas salariais.

A presión á suba do IPC do excedente empresarial non deixou de subir dende o último trimestre de 2006, segundo a descomposición do deflector do PIB que realiza o INE: daquela coincidían os pesos relativos do excedente empresarial e máis a remuneración dos asalariados, mentres que no cuarto trimestre de 2007 está un 46,7% por riba a aportación do excedente bruto de explotación.


A desagregación por provincias no último ano da evolución do IPC mostra que Pontevedra foi a que rexistrou unha maior suba dos prezos (4,2%) e que ningunha provincia baixou do 4% de inflación.

Porcentaxe de variación do IPC⁽¹⁾. Galicia/España. 2001-2007

■ Cadro 1.22

	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007
Galicia	2,6	4,3	2,3	3,3	3,7	2,6	4,1
España	2,7	4,0	2,6	3,2	3,7	2,7	4,2

(1) De decembro a decembro
Fonte: INE, IPC



Variación do IPC por provincias. 2007

■ Cadro 1.23

	Índices(1)	Taxa variación
A Coruña	105,4	4,0
Lugo	105,5	4,0
Ourense	104,7	4,0
Pontevedra	105,4	4,2

(1) De decembro a decembro
Fonte: INE, IPC

Os datos da OCDE que figuran no cadro 1.24 serven para avaliar a inflación acumulada dende o ano 2000; destacaremos que a suba de prezos en España (moi semellante á galega, como vimos no cadro 1.22) foi do 24,6%, moi por riba da suba na OCDE (19,8%), na UE (18,4%) e na UEM (16,4%).

As maiores taxas de inflación acumuladas no período analizado foron as de Grecia (26,4%) e España (24,6%) mentres que no outro extremo sitúase Xapón (cunha diminución do 1,9%).

A inflación subxacente (que é a que non ten en conta a variación dos prezos dos produtos enerxéticos nin dos alimentos non elaborados) quedou en 2007 tanto en Galicia como en España no 3,3% (un punto máis que o ano anterior en Galicia e oito décimas en España), oito décimas por baixo en Galicia (e nove no total

español) da suba do IPC, como se ve no cadro 1.25, no que se comproba tamén como se disparou ata case un 15% (despois da contención do ano 2006) a suba no epígrafe de carburantes e combustibles.

■ Cadro 1.24

IPC^(*). OCDE. 2003-2007

	2003	2004	2005	2006	2007
OCDE	108,5	110,9	113,8	116,7	119,8
OCDE Europa	112,8	115,4	118,3	121,2	123,8
UE⁽¹⁾	108,1	110,5	113,1	115,7	118,4
UME	106,9	109,2	111,6	114,0	116,4
España	109,8	113,2	117,0	121,2	124,6
Alemaña	104,4	106,2	108,2	110,2	112,7
Francia	106,0	108,5	110,5	112,6	114,5
Italia	107,9	110,4	112,8	115,3	117,7
Países Baixos	111,6	113,1	114,9	116,8	118,6
Bélxica	105,6	107,6	110,3	112,9	114,9
Luxemburgo	107,2	110,6	114,8	118,2	121,3
Reino Unido	103,9	105,3	107,5	110,0	112,5
Irlanda	113,2	115,9	118,4	121,6	121,1
Dinamarca	106,8	107,8	109,6	111,6	113,5
Grecia	111,4	114,8	118,8	122,7	126,4
Portugal	111,8	114,6	117,0	120,6	123,5
Austria	105,4	107,4	109,7	111,5	114,0
Suecia	107,1	108,2	109,1	110,7	112,6
Finlandia	106,1	106,2	107,0	108,4	110,1
Suíza	102,3	103,1	104,3	105,4	106,2
Noruega	106,9	107,4	109,1	111,6	112,4
EE.UU	106,8	109,7	113,4	117,1	120,4
Canadá	107,7	109,7	112,2	114,4	116,9
Xapón	98,1	98,1	97,8	98,1	98,1

(*) Base 2000

(1) Países da UE: Índices de prezos de consumo harmonizado

Fonte: OCDE. "Main Economic Indicators"

■ Cadro 1.25

IPC por grupos especiais. Galicia e España. 2005-2007

	2005	2006	2007
IPC xeral sen alimentos non elaborados nin produtos enerxéticos			
Galicia	2,7	2,3	3,3
España	2,9	2,5	3,3
IPC carburantes e combustibles			
Galicia	13,9	1,3	14,9
España	13,0	1,7	14,4

(1) Taxas de variación interanuais en %

Fonte: INE, IPC

A información do cadro 1.26 ofrece a desagregación nos doce grupos de gasto do IPC e a súa taxa de variación no ano 2007 en Galicia e España; obsérvase nel que:

- O comportamento dos prezos foi descendente só en dous dos doce epígrafes, tanto en Galicia como no total español: en ocio e cultura e máis en medicina, mentres que os cinco grupos máis inflacionistas (todos eles cando menos cun 5%) foron en Galicia, por esta orde, transporte, bebidas alcohólicas-tabaco, alimentos-bebidas non alcohólicas, vivenda e hoteis- cafés- restaurantes. En España tamén foron estes cinco grupos os de maiores subas de prezos, aínda

que por distinta orde (agás o apartado máis inflacionista, que foi tamén o de transporte).

IPC por grupos de gasto. Galicia e España. 2006-2007

■ Cadro 1.26

	2006	2007
1. Alimentos e bebidas non alcohólicas		
Galicia	3,1	5,8
España	3,2	6,6
2. Bebidas alcohólicas e tabaco		
Galicia	1,5	6,4
España	1,4	6,1
3. Vestido e calzado		
Galicia	1,0	1,4
España	1,3	1,2
4. Vivenda		
Galicia	4,7	5,5
España	4,9	4,8
5. Enxoval		
Galicia	3,1	2,4
España	2,6	2,5
6. Medicina		
Galicia	1,9	-2,1
España	1,7	-2,1
7. Transporte		
Galicia	1,7	7,1
España	1,8	7,1
8. Comunicacóns		
Galicia	-1,7	0,8
España	-1,5	0,8
9. Ocio e cultura		
Galicia	0,1	-0,9
España	-0,6	-0,8
10. Ensino		
Galicia	4,2	3,8
España	4,4	4,1
11. Hoteis, cafés e restaurantes		
Galicia	4,7	5,0
España	4,4	4,9
12. Outros		
Galicia	3,1	2,5
España	3,9	3,0

Taxas de variación interanuais en %

Fonte: INE

Cómpre non esquecer que a evolución do IPC non recolle as variacións debidas á suba do prezo da compra de vivenda (aínda que si a dos alugueiros) e que a vivenda subiu en Galicia e en España nos últimos anos moitísimo máis que o índice de prezos ao consumo (en varias ocasións triplicouno -e mesmo cuádruplicouno algún ano-. Tendo en conta que o pago da hipoteca é o primeiro capítulo de gastos dos fogares galegos (excluído o alimentario), a conclusión sobre a importante suba real do custo da vida parécenos ben evidente como para ter que explicitala máis.

A Enquisa de condicións de vida das familias que realiza o IGE reflicte en 2007 que:

- Segue a avanzar a porcentaxe de fogares galegos con gasto en hipoteca (no último ano un 21,7%, o maior crecemento do último quinquenio) e xa é máis do dobre que a porcentaxe de fogares galegos en aluguer (9,5%).

- O gasto medio mensual dun fogar galego en pago da hipoteca en 2007 foi de 426 euros (fronte aos 362 euros do ano anterior: un 17,7% de suba, a engadir ao 10,7% de 2006) mentres que o gasto medio mensual dun fogar galego en alugueiro quedou nos 246 euros (fronte aos 228 euros de 2006).

Todas as estatísticas que comparan as subas dos salarios coas (moito maiores) dos prezos das vivendas na última década constatan a notable perda de capacidade real de compra en Galicia e en España; especialmente difícil é actualmente a posibilidade de acceso á compra da vivenda da mocidade “milleurista”, esa xeración de mozos e mozas máis formados ca nunca na nosa historia pero que deben conformarse en moitos casos con acceder –nun mercado laboral “dual”- a un traballo temporal e moi pouco retribuído.

Parece evidente, pois, que o IPC non está a recoller en España (aínda que si noutros Estados nos que computa para o cálculo do IPC) un factor clave do gasto real das persoas que están a pagar a súa vivenda propia; para moitas familias, a forte suba do EURIBOR que comezou en xullo de 2005 está a facer baixar notablemente o seu nivel adquisitivo. Velaí unha realidade ante á que non vale agochar a cabeza, senón que cómpre tomar medidas axeitadas para afrontala de cara.

O seguimento do Ministerio de Economía e Facenda da evolución dos prezos de trinta alimentos frescos nos últimos anos tamén constatou que a maioría deles subiron ao redor dun 10% (case o dobre do que medrou neste grupo de gasto a variación do IPC).

Cómpre ter en conta o sinalado nos dous parágrafos anteriores, para non mitificar criticamente as cifras proporcionadas polo INE considerando que miden, sen máis, a evolución real do custo da vida. Factores hai –como os dous sinalados aquí- que poden desbotar esa crenza.

1.5.2. Os custos laborais

A Enquisa Trimestral de Custo Laboral é unha estatística realizada polo INE, de periodicidade trimestral, que forma parte dos euroindicadores que EUROSTAT solicitou aos Estados da área euro co obxectivo de medir a potencial converxencia dos custos laborais nos estados membros; unha das súas principais aplicacións é permitir actualizar anualmente a Enquisa de Custo Laboral que se realiza cuatrienalmente nos Estados da UE.

Cómpre sinalar que se entende por custo laboral o custo total que ten o empregador/a pola utilización do factor traballo (inclúe o salarial e ademais outros custos) e por custo salarial o conxunto de remuneracións brutas (en efectivo ou en especie) realizadas ás persoas traballadoras por conta allea.

O cadro 1.27 recolle o custo laboral (por traballador/a e mes e por hora efectiva) nas distintas comunidades autónomas (e no conxunto do Estado) no ano 2007. Compróbase que:

- En Galicia o custo laboral por traballador/a e mes é o cuarto comezando por abaixo (tras Extremadura, Canarias e Murcia), cun 87,7% do estatal; subiu en 2007 oito décimas máis en Galicia que na media española subiu máis que a inflación anual en Galicia e menos media estatal.

■ Cadro 1.27

Custo laboral total. Por CC.AA. 2007⁽¹⁾

	Por traballador/a e mes			Por hora efectiva		
	Euros	Índice	Taxa ⁽¹⁾	Euros	Índice	Taxa ⁽¹⁾
España	2.405,51	136,8	4,1	18,01	143,4	4,5
Andalucía	2.154,17	134,3	2,9	16,22	142,8	4,0
Aragón	2.432,45	140,6	5,2	18,12	143,5	4,2
Asturias	2.357,60	134,3	4,1	17,95	138,7	3,7
Baleares	2.373,12	151,5	5,3	18,11	167,4	6,5
Canarias	1.993,35	132,5	5,5	14,60	138,5	7,1
Cantabria	2.251,08	136,0	4,3	16,96	143,2	3,6
Castela A Mancha	2.244,27	134,9	3,3	17,12	143,1	4,3
Castela e León	2.150,11	141,0	4,9	15,70	148,3	5,4
Cataluña	2.612,36	141,8	5,1	19,85	148,4	5,7
Com. Valenciana	2.157,77	136,1	4,1	16,11	142,7	5,0
Extremadura	1.970,76	136,5	4,1	14,43	140,4	2,8
Galicia	2.108,62	137,5	4,9	15,63	145,5	3,9
Madrid	2.780,64	133,6	3,1	20,31	139,0	2,6
Murcia	2.077,08	143,0	4,8	15,77	149,6	6,0
Navarra	2.640,31	136,5	1,9	20,43	143,8	2,4
País Vasco	2.810,19	136,7	4,9	21,63	140,6	5,0
A Rioxa	2.237,51	134,7	3,2	16,87	142,7	4,2

(1) Mesmo trimestre do ano anterior (o cuarto)

Índice Base ano 2000

Fonte: INE. Encuesta Trimestral de Custo Laboral

- O índice que presenta a variación acumulada nos anos transcorridos do século XXI reflicte que a suba galega foi superior en sete décimas á media española.
- O custo laboral por hora efectiva de traballo situaba en 2006 a Galicia na quinta posición comezando por abaixo (tras Canarias, Extremadura, Murcia e Castela-A Mancha) pero en 2007 pasou a ser a terceira comunidade comezando por abaixo, tras Extremadura e Canarias, tan só.

Subiu no último ano seis décimas menos en Galicia que en España (por baixo da inflación en Galicia e por riba na media española); o índice constata que no período 2000-2007 este custo subiu 2,1 puntos máis en Galicia que na media estatal, pero o custo laboral por hora efectiva en Galicia segue a estar moi por baixo do estatal (é un 86,8%).

O cadro 1.28 recolle o custo salarial (por traballador/a e mes e máis por hora efectiva) nas distintas comunidades autónomas (e no conxunto do Estado) no ano 2006. Compróbase que:

- En Galicia o custo salarial por traballador/a e mes é o cuarto comezando por abaixo (tras Extremadura, Canarias e Murcia), cun 87,1% do estatal. En Galicia subiu máis que a inflación anual mentres que ocorreu o contrario na media estatal.
- O índice que presenta a variación acumulada nos anos transcorridos do século XXI reflicte que a suba galega foi superior en seis décimas á media española.
- O custo salarial por hora efectiva de traballo situaba en 2006 a Galicia na quinta posición comezando por abaixo (tras Canarias, Extremadura, Murcia e

Castela-A Mancha) e en 2007 pasou a ser a cuarta comunidade comezando por abaixo, tras Extremadura, Canarias e Castela –León.

■ Cadro 1.28

Custo salarial. Por CC.AA. 2007

	Por traballador/a e mes			Por hora efectiva		
	Euros	Índice	Taxa ⁽¹⁾	Euros	Índice	Taxa ⁽¹⁾
España	1.807,87	136,3	3,7	13,54	143,0	4,1
Andalucía	1.594,08	131,9	2,5	12,00	140,4	3,6
Aragón	1.835,60	141,9	5,6	13,68	144,9	4,7
Asturias	1.773,84	136,1	5,0	13,51	140,7	4,6
Baleares	1.803,02	153,1	5,5	13,76	169,2	6,7
Canarias	1.470,61	129,8	5,4	10,77	135,6	7,1
Cantabria	1.665,82	135,3	4,7	12,55	142,5	4,1
Castela A Mancha	1.685,04	136,3	3,0	12,86	144,7	4,0
Castela e León	1.595,90	140,1	5,2	11,65	147,1	5,6
Cataluña	1.974,55	141,4	3,8	15,00	147,9	4,4
Com. Valenciana	1.596,23	135,3	3,2	11,92	141,9	4,1
Extremadura	1.466,52	135,3	4,0	10,74	139,1	2,7
Galicia	1.575,51	136,9	5,2	11,68	144,9	4,2
Madrid	2.117,53	132,8	2,8	15,47	138,1	2,3
Murcia	1.554,76	144,4	5,2	11,80	151,1	6,4
Navarra	2.009,78	138,6	2,5	15,55	146,0	3,0
País Vasco	2.132,98	137,7	4,8	16,42	141,7	4,9
A Ríoxa	1.684,36	135,8	3,2	12,70	143,8	4,3

(1) Mesmo trimestre do ano anterior (o cuarto)

Índice Base ano 2000

Fonte: INE. Enquisa Trimestral de Custo Laboral

Subiu no último ano unha décima máis en Galicia que en España (ao redor da inflación nos dous casos); o índice constata que no período 2000-2007 este custo subiu 1,91 puntos máis en Galicia que na media estatal, pero o custo laboral por hora efectiva en Galicia segue a estar moi por baixo do estatal (é un 86,3%).

O cadro 1.29 reflicte outros custos laborais diferentes dos salariais. Entran aquí as cotizacións obrigatorias á Seguridade Social e máis as percepcións non salariais (indemnizacións por despedimento, pagamentos por desemprego ou por incapacidade temporal, gastos de locomoción e axudas de custo de viaxe, plus de distancia ou de transporte, indemnizacións por traslados ou por finalización de contrato, etc.). Destacaremos que:

- Por persoa traballadora e mes, os outros custos sitúan a Galicia no cuarto posto comezando por abaixo (tras Extremadura, Murcia e Canarias), cun 89,2% da media estatal. En Galicia subiu menos que a inflación anual mentres que ocorreu o contrario na media estatal. O índice que presenta a variación acumulada nos anos transcorridos do século XXI reflicte que a suba galega foi superior en oito décimas á media española.
- Por hora efectiva de traballo, en 2007 Galicia é a terceira comunidade comezando por abaixo, tras Extremadura e Canarias, tan só. Subiu no último ano a metade en Galicia que en España; o índice constata que no período 2000-2007 este custo subiu 2,7 puntos máis en Galicia que na media estatal, pero o custo laboral por hora efectiva en Galicia segue a estar moi por baixo do estatal (é un 88,4%).

■ Cadro 1.29

Outros custos laborais. Por CC.AA. 2007

	Por traballador/a e mes			Por hora efectiva		
	Euros	Índice	Taxa ⁽¹⁾	Euros	Índice	Taxa ⁽¹⁾
España	597,64	138,4	5,3	4,47	144,7	5,7
Andalucía	560,09	141,5	3,9	4,22	150,2	5,2
Aragón	596,85	136,7	3,8	4,44	139,2	2,8
Asturias	583,76	129,1	1,4	4,44	132,9	0,9
Baleares	570,10	146,6	4,6	4,35	161,7	5,8
Canarias	522,74	140,7	5,6	3,83	147,3	7,3
Cantabria	585,26	137,9	3,0	4,41	145,5	2,3
Castela A Mancha	559,23	130,7	4,1	4,26	138,8	5,2
Castela e León	554,21	144,0	4,1	4,05	151,7	4,7
Cataluña	637,81	143,2	9,4	4,85	149,7	10,0
Com. Valenciana	561,54	138,2	6,8	4,19	145,0	7,7
Extremadura	504,24	139,9	4,5	3,69	144,1	3,1
Galicia	533,11	139,2	3,8	3,95	147,4	2,9
Madrid	663,11	136,4	4,0	4,84	141,9	3,4
Murcia	522,32	139,0	3,5	3,97	145,4	4,7
Navarra	630,53	130,2	0,1	4,88	137,1	0,6
País Vasco	677,21	133,6	5,1	5,21	137,5	5,3
A Ríoxa	553,15	131,4	3,1	4,17	139,5	4,0

(1) Mesmo trimestre do ano anterior (o cuarto)

Índice Base ano 2000

Fonte: INE. Enquisa Trimestral de Custo Laboral

O cadro 1.30 reflicte que, aínda que as horas pactadas de traballo foron en 2007 lixeiramente superiores en Galicia que na media estatal (0,7 horas mensuais de diferenza) e a xornada laboral efectiva foi superior en 1,3 horas mensuais en Galicia: houbo 0,6 horas menos “non traballadas” en Galicia. Este mesmo cadro permítelle ás persoas interesadas a análise cun maior nivel de desagregación, diferenciando entre traballos a tempo completo e a tempo parcial.

■ Cadro 1.30

Xornada laboral. Por CC.AA. 2007

	Horas por traballador/a e mes			Tempo completo			Tempo parcial		
	Horas pactadas	Horas efectivas	Horas non traballadas	Horas pactadas	Horas efectivas	Horas non traballadas	Horas pactadas	Horas efectivas	Horas non traballadas
España	156,4	133,6	23,7	169,2	144,4	25,8	87,7	75,6	12,4
Andalucía	154,5	132,8	22,3	168,6	144,8	24,5	87,0	75,4	11,8
Aragón	157,5	134,2	24,5	169,5	144,2	26,8	83,1	72,5	10,8
Asturias	154,3	131,4	23,7	167,1	142,0	26,0	79,2	69,0	10,3
Baleares	155,9	131,0	25,6	169,7	142,9	27,6	95,8	79,2	16,9
Canarias	160,1	136,6	24,1	171,3	145,8	26,0	86,8	76,0	11,2
Cantabria	156,4	132,7	24,6	169,1	143,5	26,6	85,7	72,8	13,4
Castela A Mancha	154,1	131,1	23,6	168,2	142,5	26,3	84,6	74,3	10,5
Castela e León	158,5	137,0	22,2	169,4	146,3	23,9	78,7	68,8	9,9
Cataluña	155,6	131,6	25,1	170,3	143,8	27,8	86,5	74,2	12,5
Com. Valenciana	158,3	133,9	25,1	170,1	143,9	27,1	92,9	79,1	14,1
Extremadura	158,0	136,6	22,0	168,7	145,8	23,5	80,9	70,0	11,2
Galicia	157,1	134,9	23,1	170,0	145,7	25,2	84,7	74,2	11,1
Madrid	158,0	136,9	22,1	169,0	146,4	23,7	93,2	80,7	12,8
Murcia	154,7	131,7	23,5	170,2	145,2	25,8	91,2	77,0	14,3
Navarra	153,8	129,2	25,7	167,7	140,8	28,1	80,9	68,2	13,0
País Vasco	153,2	129,9	23,9	165,7	140,0	25,8	81,1	68,9	12,3
A Ríoxa	155,0	132,7	23,3	169,5	144,5	26,1	84,8	75,4	9,8

Base ano 2000

Fonte: INE. Enquisa Trimestral de Coste Laboral

O cadro 1.31 recolle o custo laboral (desagregado nos seus distintos compoñentes) para cada unha das comunidades autónomas, como síntese de diferentes aspectos estudados neste epígrafe.

Custo laboral por traballador/a por comunidade autónoma e componentes do custo. 2007

■ Cadro 1.31

	Custo laboral total	Custo salarial	Percepcions non salariais	Custo por cotizacións obrigatorias	Subvencións e bonificacións da Seg. Social
España	2.405,51	1.807,87	90,79	529,94	23,09
Andalucía	2.154,17	1.594,08	86,04	493,87	19,82
Aragón	2.432,45	1.835,60	71,70	549,53	24,37
Asturias	2.357,60	1.773,84	74,94	546,78	37,96
Baleares	2.373,12	1.803,02	78,58	512,61	21,09
Canarias	1.993,35	1.470,61	76,45	461,11	14,82
Cantabria	2.251,08	1.665,82	84,56	521,99	11,29
Castela e León	2.244,27	1.685,04	76,01	501,67	18,44
Castela A Mancha	2.150,11	1.595,90	79,47	490,84	16,09
Cataluña	2.313,36	1.974,55	102,14	561,68	26,00
Com. Valenciana	2.157,77	1.596,23	94,39	489,18	22,04
Extremadura	1.970,76	1.466,52	72,29	453,04	21,08
Galicía	2.108,62	1.575,51	79,52	476,55	22,97
Madrid	2.780,64	2.117,53	112,67	574,51	24,07
Murcia	2.077,08	1.554,76	68,75	473,74	20,18
Navarra	2.640,31	2.009,78	56,45	604,84	30,76
País Vasco	2.810,19	2.132,98	80,46	627,30	30,55
A Rioxa	2.237,51	1.684,36	59,84	514,44	21,13

Datos do 4º trimestre

Fonte: INE. "Enquisa trimestral de custo laboral"

■ Cadro 1.32

Custo laboral total, salarios e xornada laboral. Galicia. 2002 - 2007

ANO	Custo laboral por traballador e mes		Custo laboral por hora efectiva		Custo salarial por traballador e mes		Custo salarial por hora efectiva		Incremento salarial pactado en convenio	Xornada laboral (horas pactadas)		
	Euros	% var int	Euros	% var int	Euros	% var int	Euros	% var int		Total traba- lladores/as	Tempo completo	Tempo parcial
2002	1.673,7	3,9	11,9	5,3	1.242,1	3,6	8,8	5,0	3,01	160,1	169,7	82,3
2003	1.734,2	3,6	12,4	4,4	1.271,5	2,4	9,1	3,1	3,45	159,1	170,2	79,8
2004	1.761,4	1,6	12,7	2,1	1.290,1	1,5	9,3	2,1	3,26	158,4	170,0	79,5
2005	1.815,6	3,1	13,2	3,7	1.318,1	2,2	9,6	2,8	3,46	157,8	170,0	82,1
2006	1.895,3	4,4	13,9	5,9	1.378,2	4,6	10,1	6,1	3,43	157,2	170,0	80,6
2007	1.964,9	3,7	14,4	3,4	1.436,5	4,2	10,5	3,9	3,28	157,0	169,9	83,6
2006 I	1.847,3	4,3	12,8	1,1	1.313,8	4,3	9,1	1,1	3,23	157,4	170,0	80,4
II	1.850,8	4,7	13,4	10,1	1.335,8	4,8	9,7	10,3	3,25	157,5	170,1	80,7
III	1.872,7	4,0	14,5	5,9	1.366,2	4,8	10,6	6,8	3,45	156,8	170,1	79,7
IV	2.010,3	4,6	15,1	6,7	1.496,9	4,4	11,2	6,5	3,78	157,1	169,8	81,7
2007 I	1.886,2	2,1	13,3	3,7	1.363,0	3,7	9,6	5,3	3,13	156,2	169,9	80,6
II	1.911,4	3,3	13,9	3,7	1.382,7	3,5	10,1	4,0	3,30	156,8	169,8	81,3
III	1.953,5	4,3	14,8	2,2	1.424,7	4,3	10,8	2,2	3,26	158,0	170,0	87,7
IV	2.108,6	4,9	15,6	3,9	1.575,5	5,2	11,7	4,2	3,44	157,1	170,0	84,7

Datos en medias anuais (e desglose por trimestres para o último bienio)

Fonte: Xunta de Galicia. Consellería de Economía e Facenda. Observatorio de economía galega

**Custo laboral por traballador/a, sectores de actividade
e compoñentes do custo. Galicia. 2007**

■ Cadro 1.33

	Custo total	Custo Salarial	Custo por cotizacións obrigatorias
Total	2.108,62	1.575,51	476,55
Industria	2.447,42	1.870,81	542,78
Construción	2.112,87	1.496,68	513,86
Servizos	1.991,50	1.491,93	445,49

Datos do 4º trimestre

Fonte: INE, Enquisa trimestral de custo laboral

Como complemento da Enquisa Laboral de Custo Trimestral, o INE elabora a Enquisa Anual de Custo Laboral, que estuda cunha maior desagregación os principais compoñentes do mesmo. Os datos de 2007 reflicten que os custos laborais netos máis baixos correspóndenlle a Estremadura, Murcia, Canarias e Galicia. O dato de Galicia é de 23.599 euros e subiu no último ano un 3,6% (fronte ao 4% de suba media estatal).

No tocante á comparanza con outros estados da Unión Europea, a Enquisa de Custo Laboral realízase cuadrienalmente co obxectivo de estimar o custo do factor traballo nos distintos Estados da UE. Nos datos presentados na última enquisa de EUROSTAT (no ano 2003) comprobábase que España era un dos Estados con menor custo laboral da UE (cun 62,64% da media dos quince Estados que entón a integran), só por diante de Grecia e Portugal.

A importante diferenza entre a ganancia media de homes e mulleres deixámola para ser abordada no novedoso capítulo 5, que comezou no Informe Sociolaboral do pasado ano co título: A muller no mundo laboral.

Cómpre non esquecer ao estudar o custo salarial que un dos importantes condicionantes dos ingresos de moitos fogares é o importe do salario mínimo interprofesional. O noso, pese á importante suba porcentual do último cuadrenio, non chega á metade dos de Reino Unido, Francia, Bélxica, Holanda ou Luxemburgo; a diferenza de prezos con eses Estados non se achega -nin moito menos- ao diferencial dos salarios mínimos, polo que o poder adquisitivo do noso SMI queda moi por baixo do deses países.

No capítulo 9 deste Informe figura a suba salarial establecida na negociación colectiva en Galicia e no conxunto estatal nos últimos anos; consideramos que a súa visión pode ser interesante para complementar a análise realizada neste apartado.